



INDICACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE DE ABOAMENTO / REINTEGRO BONOS AXUDAS PLAN DE APOIO A FAMILIAS E SECTORES ECONÓMICOS

Procedemento a seguir para o cobramento dos Bonos por parte das empresas

- Os establecementos deben cumprimentar o impreso de solicitude de cobro, publicado na Web do Concello, para solicitar o reintegro dos importes dos bonos que trocaron por bens, servizos ou consumos. Xunto co Anexo I deberán aportar os orixinais dos Bonos asinados pola titular da empresa ou establecemento, non sendo necesaria outro tipo de documentación.
- Aínda que existe a posibilidade de presentar esta solicitude vía telemática, o BONOS ORIXINAIS deben entregarse o máis axiña posible na oficina do Rexistro xeral do Concello de Monforte de Lemos, identificando a solicitude realizada.
- O establecemento non ten por que requirir a identificación do titular do Bono, pero si se deberán fixar en que a papeleta é orixinal e que está asinada tanto polo titular do bono como polo Alcalde (non se admiten fotocopias dos bonos).
- Os pagos efectuaranse periodicamente á maior brevidade posible.

O prazo para presentar as solicitude de aboamento dos bonos rematará o 30 de novembro de 2020.